



Deputación  
DA CORUÑA

# Boletín de Medioambiente

Nº 359  
15/10/2025



## Praia de Morazón, en Sada

Atópase situada no municipio de **Sada**. Tamén é coñecida como **Fontán**. Trátase dunha praia illada de 36 metros de ancho e 125 metros de longo. Pequena pero moi bonita, de augas limpas, area moi fina e unhas vistas impresionantes. A única dificultade é o acceso, a través dunha escaleira de pronunciada pendente. Só hai praia con marea baixa e polas mañás xa que pola tarde apenas lle dá o sol.

Ten **acceso permitido para cans todo o ano**. Aínda que do 1 de xuño ao 30 de setembro está limitado de 22 horas a 10 horas.

## Noticias

### Aranga únese á compostaxe doméstica, clave para reducir os residuos

O Concello de **Aranga** pon en marcha unha **campaña de compostaxe doméstica** dirixida ás familias que contan cun pequeno terreo, co **obxectivo** de reducir a cantidade de residuos que chegan ao sistema de recollida e fomentar a valorización dos biorresiduos como recurso.

A iniciativa contempla a **entrega gratuíta de compostadores e dun kit básico** para a auto-compostaxe, formación práctica sobre o proceso e un servizo de asesoramento e seguimento técnico durante todo 2025. As persoas interesadas poden **inscribirse na web** [aranga.ocaminosostible.gal](http://aranga.ocaminosostible.gal), **presencialmente** no Concello ou chamando ao **647 521 464**.

Máis Info

### Betanzos incluírá un pump track no Pasatempo no POS adicional antes de fin de ano

O Concello de **Betanzos** incorporará na súa proposta do POS adicional a construción dunha **pista de pump track** na zona do **Pasatempo**. A contía do POS complementario que corresponde ao municipio ascende a **220.000 euros** e, tal e como informou o goberno local, parte desa dotación reservárase para poñer en marcha esta nova instalación deportiva, cuxo custo aproximado no proxecto técnico é de 50.000 euros.

O Concello xa contempla incorporar o pump track noutros plans de obras e servizos. A proposta concreta deberá aprobarse en **Pleno**.

Máis Info

## O cambio climático e as especies invasoras poñen en risco o Patrimonio Mundial natural

Segundo a nova edición do **informe 'Perspectiva do Patrimonio Mundial'**, publicada pola Unión Internacional para a Conservación da Natureza (IUCN), o **cambio climático** constitúe actualmente a maior ameaza no **43 %** dos sitios naturais que posúen este título de valor universal excepcional, fronte ao **33 %** en 2020. Ademais, as **especies exóticas invasoras** continúan sendo a segunda ameaza máis frecuente, ao afectar ao **30%** deles.

Este texto advirte tamén do aumento significativo do **risco de enfermidades na fauna e a flora**: actualmente, un **9%** dos sitios enfrenta unha ameaza alta ou moi alta por patóxenos, fronte ao **2%** rexistrado en 2020.

Máis Info

## A Unión Europea suspende a España en economía circular

O **informe “O medio ambiente en Europa 2025”**, elaborado pola Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA), sinala que a pesar dos considerables avances na redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e os niveis de contaminación atmosférica, **o estado xeral do medio ambiente en Europa non é bo**. Así mesmo, advirte que **os efectos do cambio climático** no continente son cada vez **máis preocupantes** e ameazan tanto a prosperidade económica como a seguridade e a calidade de vida dos europeos.

A **AEMA** é a axencia encargada de **xerar e proporcionar coñecemento** para alcanzar os obxectivos medioambientais e climáticos de Europa. Segundo a súa última valoración, un dos ámbitos máis preocupantes é o do estado de **conservación da natureza europea**, que segue enfrontándose á degradación, a sobreexplotación e a **perda de biodiversidade**. Outro é o do lento avance cara á **economía circular**: unha das prioridades políticas da UE.

Máis Info

## 9 de cada 10 españois considera ‘fundamental’ protexer os bosques como ‘clave’ na loita contra o cambio climático

Un recente estudo revela que nove de cada dez españois consideran fundamental protexer os bosques como elemento clave na loita contra o cambio climático. **Este dato reflicte unha crecente conciencia ambiental na sociedade**, que percibe os ecosistemas forestais non só como espazos naturais valiosos, senón tamén como **aliados estratéxicos** para mitigar os efectos do quecemento global.

**Os expertos subliñan que España, un dos países europeos máis vulnerables ao cambio climático, perde cada ano miles de hectáreas forestais a causa dos incendios, a expansión urbana e a degradación do chan**. Neste contexto, a poboación demanda políticas máis ambiciosas que promovan a reforestación con especies autóctonas, a xestión sostible dos montes e a implicación das comunidades rurais na protección da contorna.

Unha enquisa internacional realizada por unha entidade ecoloxista revela que o **87% da sociedade española** –por encima do 86% a nivel mundial– considera que **protexer os bosques** é fundamental para loitar contra o cambio climático, a un mes do comezo do principal cume climático (COP30), este ano en Brasil.

Máis Info

## Sabías que...

O **açaí** leva uns tres anos creando furor entre os coruñeses. Pasou de ser unha froita descoñecida para moitos a asentarse nos almozos e merendas do verán, e mesmo de todo o ano. Este **froito vermello** chegado de **Brasil** ten un aspecto similar ao do arando, pero o seu sabor é máis acedo. **Combina moi ben** tanto con outras **froitais** como con **iogurt, cereais, galletas** ou **chocolate**, entre outros, polo que se amolda perfectamente aos gustos de cada persoa.

Máis Info

# Mestura informativa

## RECEITA ECOLÓXICA: ensalada outonal con quinoa e granada

**Ingredientes:** unha cabaciña mediana, dúas culleradas de queixo feta, unha granada ecolóxica, 50 gr de quinoa, tres follas de leituga, 10 ou 12 anacardios, limón, sal, aceite de oliva, pementa multicolor.

Ferver a quinoa seguindo as instrucións do paquete e logo de coar deixe repousar e entibiar. A cabaciña débese lavar moi coidadosamente e lamínase cun pelador de patacas horizontal ou cunha mandolina. Os grans da granada deben separarse e coidar que non lles quede nada da película branca que os separa en 'paquetes' dentro da froita.

Colocar en cada bol individual unhas follas de leituga ben lavadas como fondo da ensalada. E por encima poñer as láminas de cabaciña, a quinoa, o queixo, os anacardios e a granada. Aderezar con aceite de oliva, sal e unhas pingas de limón e espaxar con pementa multicolor moída a gusto.

Máis Info

## Os animais comen herba cando están enfermos?

O teu can ou gato come herba e pensas que algo vai mal? Para moitas persoas, as mascotas son un membro máis da familia, así que é **normal preocuparse cando percibimos nelas comportamentos estraños**. Un dous máis curiosos —e tamén dos menos estudados e do que a ciencia aínda non sabe a razón ao 100%— é a súa tendencia a pacer herba. Con todo, que o noso can ou gato faga isto é **sempre sinónimo de enfermidade?**

Que **cans** comer herba, por exemplo, é normal. Forma parte da súa dieta”, explica a doutora en veterinaria da USC, Ángela González. “Estes animais, aínda que pertencen á orde carnívora, como moitos outros cánidos tamén comen **vegetais, froita e herba**. Nos **gatos** ocorre algo **semellante**.

Máis Info

## Rendibilidade ou sostibilidade? O aguacate pon a proba os recursos hídricos de Galicia

O aguacate (*Persea americana*) é o **ouro verde da agricultura** grazas á súa crecente accesibilidade e á difusión da tendencia dunha alimentación saudable. Segundo o xornal dixital agrario Campo Galego, a produción mundial deste froito en 2024 alcanzou os **10,4 millóns de toneladas**. Con todo, en Galicia o seu cultivo aínda se atopa nunha **fase inicial**, que en ocasións compromete a súa **sustentabilidade ambiental**, especialmente polo **elevado consumo de auga**. Nas principais zonas produtoras de España estimouse que para producir un quilo de aguacates se precisan **684 litros de auga**.

O **clima chuvioso** converte Galicia nunha zona propicia, pero non sempre: un exceso de auga pode **danar as flores** e favorecer a **aparición de fungos** na pel do froito, que se manifestan co tempo.

Máis Info

## A partir de residuos de palla de arroz, uva e chufa crean envases alimentarios sostibles

O **cambio climático** e a **degradación do medio ambiente** representan unha gran **ameaza** para a vida no planeta. É por iso que, no Espazo Europeo de Investigación, a transición ecolóxica ocupa un espazo relevante nos seus catro obxectivos estratéxicos (valorización, aproveitamento dos residuos, conservación e utilidade) e **Varbiopac** é un proxecto que busca darlles resposta.

O proxecto desenvolvido por investigadores da Universitat Politecnica de Valencia desenvolveu novos **envases alimentarios biodegradables a partir da palla do arroz e de restos de uva e chufa** que, segundo a UPV, melloran a conservación dos alimentos e reducen o desperdicio.

Máis Info

# Boas Prácticas

## O parque San Martín de Huesca, recoñecido internacionalmente co Neighborhood Park Award 2025

O **parque San Martín de Huesca** foi galardoado co **Neighborhood Park Award** na rexión europea dentro dos WUP@10 Awards 2025, os premios máis destacados a nivel mundial en materia de **parques e espazos verdes urbanos**, outorgados pola organización World Urban Parks. Este recoñecemento sitúa a Huesca no mapa internacional do **urbanismo sostible** e a **innovación na xestión de contornas naturais urbanas**.

Os **WUP@10 Awards** recoñecen aos proxectos e axentes máis innovadores na creación e xestión de parques urbanos en todo o mundo. As súas categorías abarcan desde grandes parques metropolitanos ata proxectos de barrio, novas iniciativas, entidades relevantes ou traectorias persoais.

[Máis Info](#)

## A Coruña implanta o quinto contedor e moderniza o seu sistema de xestión de residuos urbanos

O Concello da Coruña comezou a **implantación do quinto contedor na cidade**, destinado á n, como parte dun proceso que se desenvolverá de forma progresiva ata finais de ano. Esta iniciativa representa un **novo avance na modernización do sistema municipal de recollida e xestión de residuos**, co propósito de consolidar un **modelo urbano máis sostible e eficiente**.

Os **primeiros contedores** instalaranse no barrio de **Novo Mesoiro** e estenderanse ao resto de distritos nos próximos meses. En total, **eti-quetaranse máis de 9.600 contedores** para facilitar aos veciños a identificación correcta dos residuos.

[Máis Info](#)

## Natureza urbana ao servizo da cidadanía

Desde 2019, **Madrid** camiña decidida cara a un modelo de cidade no que a **vegetación** sexa unha infraestrutura esencial. A abundancia e calidade de **zonas verdes** é un factor esencial para avaliar a calidade dunha cidade. É un dos indicadores clave en todas as clasificacións de urbes máis desexables para vivir debido ao seu impacto na saúde pública, na sustentabilidade e nas formas de interacción social.

Descobre de que **formas incide** na vida dos cidadáns a existencia de máis e mellores zonas verdes: Saúde pública, Sustentabilidade e mitigación os efectos do cambio climático, Equilibrio territorial e cohesión social. O Concello programou para o período comprendido entre 2020 e 2025 nada menos que **124 intervencións** de transformación, mellora ou conservación de zonas verdes. Delas, **106** xa están **finalizadas**.

[Máis Info](#)

## AXENDA AMBIENTAL

### ➤ Encontro ecoloxista "Temos raíces" - FEG.

A Federación Ecoloxista Galega organiza unha nova edición do seu encontro anual, que terá lugar o 18 e 19 de outubro no Espazo da Natureza de Oza (Carballo). Este ano terá como eixo central o cambio climático e os incendios forestais.

[Máis Info](#)

[Ver Boletíns anteriores](#)